

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 2 DE
FEBREIRO DE 2010**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día dous de febreiro de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Proposta de aprobación, se procede, dos investimentos a incluír no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local creado por Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro

Vista a proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo de data 29 de xaneiro de 2009.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 2 de febreiro de 2010.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo abstense. Di que aínda que lles gustaría poder votar a prol xa que calquera obra que se faga é positiva, sen dúbida ningunha, unha vez máis non poden estar de acordo co procedemento que se leva para contratar, que é un procedemento negociado sen

publicidade. Di que están falando de moito diñeiro e trátase dun procedemento negociado sen publicidade, o cal significa que só teñen acceso á contratación as empresas que o equipo de goberno invite a participar.

Pensa que con todo o que está pasando en Cambre sería un bo xesto ter un acto de transparencia e facelo doutra maneira, como mínimo facelo con publicidade. Polo tanto, non van votar en contra, porque as obras son necesarias e interesantes, pero dende logo a forma de proceder, unha vez máis, é a habitual.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ás veces é difícil priorizar unha serie de actuacións que se van realizar, tendo en conta que en Cambre existen múltiples necesidades. Neste caso o goberno local apostou en grande medida por dúas cuestións coas que coincide o seu grupo, e que son fundamentais, que é o saneamento, e a seguridade viaria. Son servizos básicos, cos cales, baixo o seu punto de vista, deben contar todos os veciños. Tamén se presentan outras memorias que dificilmente poden ser rexeitadas, polo menos polo seu grupo, porque foron pedidas e reivindicadas un montón de veces en sesións plenarias anteriores.

Di que para eles o que realmente merece unha crítica é a falta de comunicación, sobre todo a falta de diálogo neste proceso. Están falando dun investimento de 2,5 millóns de euros e o goberno local leva traballando neste tema dende o mes de outubro. Eles, a primeira xuntanza mantivérona o 25 de xaneiro. Di que cren, e insisten, en que debería haber outra fluidez neste tipo de actuacións, e iso é responsabilidade do goberno, como consecuencia das continuas remodelacións das distintas áreas e do baleiro de poder existente ao longo desta lexislatura.

Continúa dicindo que o seu grupo presentou 20 propostas, algunhas delas, efectivamente, contempladas nas memorias. Un amplo abano de actuacións que pretenden transformar, dalgunha maneira, cousas importantes do concello e facilitar o benestar dos cidadáns. Para eles, sobre todo era fundamental a creación do maior número de postos de traballo, tendo en conta a situación de desemprego que vive o Concello de Cambre, que é relevante no ámbito da comarca. Neste sentido, eles son responsables, por iso van apoiar a proposta, porque como dixo antes son reivindicacións solicitadas e pedidas polo seu grupo, e polo resto dos grupos da corporación. Van ser responsables e, en consecuencia, van votar a prol.

Conclúe dicindo que, se o Sr. alcalde llo permite, gustaríalle dar lectura ás súas propostas, porque cando se fai un traballo tamén queren ter a oportunidade de expoñelo, e de que a xente se entere do que se fai. Como dixo antes presentaron 20 propostas, algunhas delas podían tratarse neste tipo de proxectos, e ás menos non, en todo caso gustaríalle pasar a lelas:

- 1º Contratación dunha o máis brigadas de obras para realizar traballos de reparación e acondicionamento de diversos traballos de utilidade común, como é restauración de patrimonio etnográfico, barreiras arquitectónicas, etc., en diversos lugares do concello
- 2º Plan de renovación da iluminación pública, substituíndo as luminarias máis antigas, por novas de baixo consumo
- 3º Instalación de bancos e fontes nos lugares que percorren as rutas de sendeirismo do concello
- 4º Proxecto de rehabilitación da casa Villa Concepción, na parroquia do Temple
- 5º A posibilidade de constituír un viveiro de empresas no polígono de Espírito Santo como fonte de creación de emprego e creación de empresas
- 6º Implantación de equipamentos e programas necesarios para que os cidadáns poidan realizar trámites a través de internet, mediante a páxina web do concello
- 7º Proxecto de acondicionamento do acceso e iluminación da ponte vella da ría do Burgo, no tramo comprendido no Concello de Cambre, eliminando as barreiras arquitectónicas existentes
- 8º Instalación de pequenos parques infantís e biosaúdables como lugares de espallamento de pequenos e maiores, intentando que a implantación sexa en función da necesidade e demanda dos veciños
- 9º Área recreativa nas inmediacións da ponte de Cela, na ribeira do río Mero
- 10º Programa de acondicionamento e reparación de colexios coordinados cos responsables, AMPAS, e consellos escolares, mellorando os centros de ensino público do concello na medida que o permita o plan
- 11º Proxecto de acondicionamento e limpeza de zonas nas ribeiras do río Mero, e acondicionamento de zonas de baño e espallamento con instalacións de bancos, mesas, fontes, etc.
- 12º Recuperación e limpeza dos camiños do concello, onde existe importante masa forestal, tendo en conta a súa importancia natural. Poñen varios exemplos de camiños do concello que están intransitables.

13º Dotación de servizos hixiénicos de uso público nas inmediacións do parque e polideportivo Antonio Fernández Becerra en Pravio

14º Iluminación do encoro de Cecebre no tramo correspondente ao Concello de Cambre

15º Eliminación de barreiras arquitectónicas

16º Potenciar as enerxías renovables e de aforro enerxético instalando sistemas de captación de enerxía solar en edificios municipais

17º Limpeza e reestruturación de montes públicos propiedade do concello

18º Mellora e reposición das arquetas de sumidoiros

19º No que se refire ao gasto corrente, dotar de recursos aos servizos sociais do concello, ampliando as contratacións de persoal de asistencia domiciliaria, co fin de prestar un maior servizo ás persoas necesitadas

20º Proxecto para dotar de saneamento ás vivendas do lugar da Ponte na parroquia de Cela

Don Luis Miguel Taibo Casás conclúe dicindo que esas foron as propostas que fixo o seu grupo municipal, e onde demandaban que se tivera en consideración, na medida que se puidera, algunha delas, e sobre todo que houbera unha fluidez nos contactos que baixo o seu criterio non houbo.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que isto debería facelos recapacitar un pouco sobre a forma que ten o grupo municipal de goberno de tratar tanto á oposición como aos veciños de Cambre. Hai efectivamente 26 proxectos para facer, que non dubida sexan necesarios, aínda que a el hai cousas que lle sorprenden, pero tampouco hai tempo, como xa pasou noutras ocasións, para rectificar, para consensuar e facer unhas propostas lóxicas.

Di que o equipo de goberno, en minoría, debería ter máis tacto e consensuar cos grupos da oposición as obras que propoñen. Por exemplo, unha das propostas fala dun “local de ensaio na Barcala para grupos de música” e resulta que se está facendo unha escola de música en Sigrás, e supón que ese sería o sitio axeitado para facer tamén os locais de ensaio, porque aínda non está nin sequera rematada e supón que sería o sitio onde meter ese tipo de cuestións.

Polo tanto, hai cuestións fundamentais que son as que lle fan a el non poder votar a prol da proposta. Esta relación de proxectos facilitouse aos grupos da oposición o venres pola tarde, porque a mediodía, ás 14:30 horas, os membros do goberno aínda non sabían nin que obras ían meter. O prazo remata o día 4, e hoxe, vinte minutos antes do pleno, entregóuselles a relación, con máis ou menos información, que é bastante parecida ou similar á que se entregou o venres. Cre que dende finais de outubro, que foi cando saiu a orde do goberno central para este tipo de actuacións, houbo tempo para falar, poñerse de acordo, etc.

Segue dicindo que teñen un cronograma que lles facilitaron, no que se sinala a entrada dunha serie de propostas dende as distintas áreas, dende os distintos grupos políticos, etc., durante o mes de novembro, incluso ata case finais do mes de decembro. O 20 de decembro decidiuse iniciar a contratación da redacción de memorias valoradas. Ou sexa, que botaron practicamente dous meses para recoller propostas, e despois teñen pouco tempo para poder facer estudos serios, e facer unha proposta seria e de interese para os veciños de Cambre. Coas datas do nadal metéronse no mes de xaneiro, e agora chegan dous días antes, e o equipo de goberno vai dicir o que lles di sempre, que se non votan a prol, é que están votando en contra dos veciños de Cambre e que se van perder os cartos.

Di que non se trata diso, teñen que darse conta de que deberían cambiar de sistema de traballo e facer as cousas con tempo, axilidade, e ben feitas, porque el así non pode apoiar a proposta de obras, con independencia de que poidan ser máis necesarias ou non, pero tamén hai outras que son necesarias coas que tampouco pasa nada.

Conclúe dicindo que por iso se vai abster, por non votar en contra, pero pídelles que cambien de sistema, que traballen todos en conxunto, porque pensa que iso é bastante máis produtivo para os veciños de Cambre.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o traballo que se desenvolveu dende que saiu a convocatoria do novo fondo, a finais do mes de outubro, comezou precisamente iniciando un proceso de recollida e participación, tanto é así, que se fixo formalmente a solicitude a todos os grupos municipais para que fixeran as súas achegas de ideas, de proxectos, que pensaban que se debían presentar e ser financiados por este fondo, e así fixeron todos os grupos.

O Sr. alcalde pide orde ao público asistente.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo continúa dicindo que é realmente difícil abordar unha cousa tan importante como é esta da que van falar, nin máis nin menos que 2,5 millóns de

euros, cando hai persoas que se toman a chanza todo o traballo que están facendo. El realmente se queda sorprendido.

Continúa dicindo que el cre que se desenvolveu un traballo mellorable, seguramente, pero que queredría comezar cun agradecemento. En primeiro lugar aos compañeiros do goberno municipal que lle facilitaron e colaboraron no traballo de elaboración de todas as propostas dende o primeiro momento, ao equipo técnico, aos funcionarios dos diferentes departamentos que, fundamentalmente no último período, neste último mes, cando se foron definindo e concretando todas as propostas, realizaron un traballo ímprobo, importante, que está na súa responsabilidade, pero que o colleron realmente cunha responsabilidade encomiable, e dende logo, e como non podía ser menos, tamén aos grupos políticos que neste momento están na oposición, que tamén na primeira quincena de novembro entregaron unha serie de propostas para incluír no fondo. Di que el cre que son conscientes, outra cousa é que non se queira recoñecer, que as súas propostas foron atendidas con especial interese, co máximo cariño. Proba disto é que informes de técnicos, non de políticos, non a opinión do goberno, senón informes de técnicos, son os que valoraron, unha por unha, as propostas que viñeron dos grupos políticos, para ver se eran susceptibles de ser integradas neste fondo.

Segue a dicir que, fundamentalmente, e el pensa que é cuestión de recoñecelo, hai unha achega importante, con propostas concretas, de EU-IU, e así llo quere recoñecer neste pleno. Pensa que na súa esencia, unha parte importante están recollidas dentro dalgunha das propostas que traen aquí a votación. Tamén hai unha serie de propostas, de carácter xenérico, como dotar de saneamento ás parroquias, mellorar a rede de abastecemento, no que máis ou menos coinciden tanto Partido Galeguista como Partido Popular. El cre que unha boa parte dos investimentos que se propoñen para este fondo están recollidos, aínda que, evidentemente, nin está todo o concello, nin son todas as obras que serían necesarias, porque están falando dunha subvención de 2.475.000 euros, algo menos que 2,5 millóns de euros, e el cre que é evidente que o que se necesitaría para todo o que hai que abordar neste concello é moitísimo máis diñeiro.

En todo caso, pensa que escolleron unha serie de obras que encaixan perfectamente no que quería o seu goberno, pero tamén nas manifestacións que por escrito, no mes de novembro, lles fixeron chegar os grupos da oposición. Con esas propostas dos grupos da oposición, con esas propostas que viñeron dos diferentes compañeiros e compañeiras do goberno municipal, e tamén dos diferentes departamentos técnicos, o que fixeron foi un refundido, e a partir dese momento os técnicos puxéronse a traballar. Definíronse as obras que parecían prioritarias, e a partir dese intre é cando se puideron contratar os estudos concretos sobre as cuestións concretas que se querían facer. Iso ten un tempo, hai uns procedementos,

e tempo é o que se necesita para facelos. No mes de xaneiro cando tiveron xa todas as valoracións foi cando puideron presentar ao resto dos grupos as propostas.

Di que el cre que poden recordar que nunha primeira reunión que tiveron o mes pasado, abordaron obras e subministracións por importe de 4.900.000 euros. Era evidente que tiñan que recurrir por algún sitio. Os criterios que utilizaron para facelo foron sinxelos: a titularidade dos terreos onde había que intervir, a dispoñibilidade dos terreos, e a facilidade para ter os informes sectoriais doutras administracións que son preceptivos para facer estas obras. Desesa maneira, foron chegando ao que chegaron hoxe, á proposta que traen e que de maneira definitiva fixeron chegar coa convocatoria do pleno o pasado venres.

Continúa dicindo que dentro destas propostas el destacaría que se fai unha aposta importante por cuestións medioambientais, e por un tema que todos son conscientes e todos teñen na súa cabeza como prioridade, que son os vertidos contaminantes que acaban desembocando nos leitos fluviais, pero sobre todo na ría do Burgo. El pensa que unha parte importante das intervencións que se fan con este fondo, van ir destinadas a sanear as pluviais e as fecais na parroquia do Temple, que son os puntos de contaminación e vertido máis importantes que teñen neste concello. Pensa que, unha vez que pase este ano, e xunto con outras intervencións que tamén se están abordando noutros plans, no Arume ou no POS, van ter unha situación moi distinta á que tiñan.

Di que non só iso, tamén se está abordando a ampliación de redes de saneamento, para evitar vertidos e para darlle servizo aos veciños noutras parroquias e noutros lugares do concello, fala de memoria da Ponte de Cela, en Aián, e algunha máis. Isto o combinaron cunha ampliación ou substitución de redes de abastecemento de augas en diferentes sitios, que cre que ademais tamén era unha coincidencia de todos os grupos. Algunha delas serviralles ademais para mellorar a seguridade viaria, como é o tramo que hai entre Volteiro e o cruzamento de Cecebre, en Frais.

Faise unha aposta tamén por outro dos criterios que son importantes no Fondo Estatal que están tratando, que é o da eficiencia enerxética e o do aforro, con intervencións en instalacións municipais, con mellora de iluminación pública, con instalación de placas térmicas na obra que se vai facer no pavillón de deportes de Cambre. Pensa que son importantes e que son apostas de futuro necesarias.

Di que continúan coas intervencións que se fixeron no FEIL, que acaban de rematar agora, no ano 2009, con segundas fases, con ampliacións ou con melloras, con prolongacións de intervencións feitas en locais socioculturais de diferentes parroquias. Está falando de Anceis, de San Lourenzo, de Brexo-Lema.

Ademais hai outras intervencións que tamén lles parecían importantes, como a ampliación e ter un bo equipamento para poder desenvolver ben o traballo nos Servizos Sociais de Cambre, ou dotar dun lugar para a xuventude, ou os locais de ensaio, que non teñen nada que ver coa escola de música, son unha cuestión totalmente diferente, e por iso se escolle outro lugar para facelos.

Di que tamén se melloran instalacións deportivas, como o pavillón municipal do colexio de Cambre, o do castro, que vai ser precisamente a obra máis importante en financiamento, pero tamén se vai mellorar o de Brexo, e tamén se vai mellorar a pista polideportiva do Graxal.

Outro paquete de rehabilitación patrimonial, ou de posta en valor do patrimonio, vai ser o da restauración do cruceiro de San Roque en Sta. M^a de Vigo, ou a catalogación e posta a disposición do arquivo fotográfico municipal, para que a xente o poida ver, e que conta xa cunhas 15.000 fotografías, na súa maior parte doadas polas familias e polos veciños deste concello, pero que non son accesibles ao público neste momento.

Para rematar di que hai un importante paquete para a mellora das novas tecnoloxías e para camiñar cara a administración electrónica. Novos programas que van facilitar a xestión e que van a facilitar a interrelación entre a cidadanía e a propia administración. É unha aposta importante por ir mellorando todas esas cousas das que sempre falan e das que din que funcionan mal e hai que ir dando paso.

Segue dicindo que todo iso son case 2,5 millóns de euros que pensan son importantes, poderíanse ter escollido outras cousas, pero iso é importante. Todos teñen que coincidir en que esas obras hai que facelas, esas intervencións hai que facelas, porque son posibles e porque, en todo caso, agora vai depender da capacidade do goberno local que se leve esa xestión a bo porto.

Di que para facer unha contestación rápida a algunhas cousas que se dixeron, el cre que respecto da participación, efectivamente pódense mellorar as cousas, pero fíxose dende o primeiro momento, recolléronse todas as ideas, e no momento en que houbo información que poder trasladar, foi cando se constatou. Sempre estiveron, como así o están, á disposición de todos os concelleiros e concelleiras de todos os grupos para calquera cuestión.

En canto aos procedementos de contratación que se propoñen, son os que marca a lei, nin máis nin menos, e eses son os que se van facer, e esa vai ser a vontade política do goberno, ademais, aínda que non fora así, para iso están os funcionarios deste concello que non ían

permitir outro tipo de funcionamento. A contratación vai ser transparente, legal e formal, como ten que ser, non pode ser doutra maneira, ese é un empeño no que van estar todos.

Conclúe dicindo que reitera os seus agradecementos, en especial aos grupos políticos, porque esas achegas que fixeron, foran moi concretas ou moi xenéricas, servíronlles para encamiñar o seu traballo, e o que agarda é que coa aprobación que van ter hoxe, no ano que lles queda, que é de moitísimo traballo, teñan a colaboración de todos.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, con respecto á contratación, o procedemento negociado, no que como dixo antes só participan as empresas ás cales se invite, está permitido por lei en varios casos, un deles é cando as ofertas económicas en procedementos abertos sexan irregulares, que cre que non é o caso; tamén está permitido pola lei en casos excepcionais, cando se trate de contratos nos que por razón das súas características non se poida determinar previamente o prezo; tamén cando por razóns técnicas ou artísticas o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado; ou cando por unha imperiosa urxencia, resultante de acontecementos imprevisibles non se poida facer doutro modo. El pregunta cal destes supostos é o que lles obriga a facer a contratación por procedemento negociado sen publicidade.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que o que lle vai contestar ao concelleiro do PP é o que dixo antes, que os procedementos de contratación van ser escrupulosamente os que marca a lei, porque, ademais, aínda que o quixeran facer doutra maneira, os funcionarios desta casa non o permitirían, van ser escrupulosamente os que marca a lei, e son procedementos, e son expedientes, que o Sr. Cubeiro, como concelleiro desta casa, vai poder consultar en todo momento.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que por moito que o Sr. Iglesias diga, aínda que lle parece normal que defenda o tema, el non pode cambiar o seu voto, porque profundizando un pouco nas cousas poden ver, por exemplo, que dixo que no Temple era onde basicamente se fan a maior parte das actuacións para reparar canalizacións de pluviais ou da rede de sumidoiros, e a el parécelle moi ben, porque nas propostas que fixo o PG tamén el pedía, entre outras cousas, que se mirase a posibilidade de dotar de saneamento aos núcleos rurais do Concello de Cambre que están sen el. No Temple estase facendo un gran investimento en reparar canalizacións que, se cadra, igual tiñan que telas feito ben ou reparar, ou feito de novo, os promotores que alí están enchendo os seus petos de cartos. Di que ao mellor así todos eses cartos que agora veñen do Fondo Estatal para Cambre, igual terían podido ir para eses rúes, a esas zonas rurais, a eses núcleos, para dotalos de saneamento, porque alí non hai tanta especulación como hai no Temple, onde parece que os especuladores levan os cartos, fan os edificios, e logo, co diñeiro de todos

téñense que arranxar os servizos que non están ben feitos ou que están deteriorados polo motivo que sexa.

Continúa dicindo que el sabe que se está vertendo á ría, pero se é así, ao mellor, cando algúns promotores fan as súas obras alí, igual habería que dicirlles ou vixilar e controlar que fagan as instalacións do saneamento e das pluviais correctamente. Non se fai e agora os cartos van para alí, está ben, pero el cre que deberían ir para os núcleos rurais, onde senón nunca na vida terán saneamento, seguirán vertendo para o río. Non se ve como no Temple, onde sae por uns tubos para a ría, pero polo núcleos rurais van para o río segundo lle cadre, e non pasa nada ata que pase.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que el respecta moitísimo a opinión do Sr. Marante e parécelle normal que busque xustificacións e razóns para non votar a prol deste proxecto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstéñense os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a realización dos investimentos que a continuación se relacionan, correspondentes ás obras, subministracións ou servizos e polos importes de licitación que igualmente se indican, así como á redacción de proxectos e dirección técnica que se detalla, e segundo as memorias explicativas contendo os datos esixidos no punto terceiro da Resolución de 2 de novembro de 2009, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, que se achegan como Anexo ao presente acordo:

OBRAS

Denominación da obra	Redacción Proxecto sen IVE	Dirección técnica sen IVE	Proxecto sen IVE	TOTAL investimento
	16% IVE	16% IVE	16% IVE	
Mellora das redes de saneamento das rúas Constitución, Celso Emilio Ferreiro e Párroco M. Cobas	2.483,96 €	2.980,74 €	137.153,98 €	165.437,67 €
	397,43 €	476,92 €	21.944,64 €	

Mellora das redes de saneamento da Travesía da Igrexa	2.875,09 € 460,01 €	3.450,10 € 552,02 €	158.750,94 € 25.400,15 €	191.488,31 €
Mellora das redes de saneamento e abastecemento das rúas Profesor Monasterio, Paseo Marítimo e Emilia Pardo Bazán	2.222,40 € 355,58 €	2.666,88 € 426,70 €	122.712,03 € 19.633,92 €	148.017,51 €
Mellora das redes de saneamento do CEIP Brexo na CP-1704	1.257,20 € 201,15 €	1.508,64 € 241,38 €	69.417,49 € 11.106,80 €	83.732,66 €
Mellora das redes de saneamento de Ponte Cela e A Xira	1.863,60 € 298,18 €	2.236,33 € 357,81 €	102.900,73 € 16.464,12 €	124.120,77 €
Mellora da seguridade viaria e redes de saneamento de Aián	1.700,81 € 272,13 €	2.040,97 € 326,56 €	93.911,98 € 15.025,92 €	113.278,37 €
Mellora da rede de abastecemento da urbanización Castros do Bosque	739,53 € 118,32 €	887,45 € 141,99 €	40.834,32 € 6.533,49 €	49.255,10 €
Seguridade viaria e mellora da rede de abastecemento entre Pombo e Fraís (AC-214)	2.708,81 € 433,41 €	3.250,58 € 520,09 €	149.569,73 € 23.931,16 €	180.413,78 €
Seguridade viaria Volta das Carrozas	913,96 € 146,23 €	1.096,74 € 175,48 €	50.464,87 € 8.074,38 €	60.871,66 €
Seguridade viaria na CP-1708 en Andeiro	709,16 € 113,47 €	850,99 € 136,16 €	39.157,10 € 6.265,14 €	47.232,02 €
Mellora da eficiencia enerxética por instalación de balastros electrónicos e luminarias non contaminantes			64.556,60 € 10.329,06 €	74.885,66 €

Mellora da eficiencia enerxética da iluminación pública na parroquia de Anceis			63.897,84 € 10.223,65 €	74.121,49 €
Mellora da eficiencia enerxética da calefacción de edificios municipais			3.315,86 € 530,54 €	3.846,40 €
Adecuación de local municipal con destino aos locais de ensaio municipais	2.557,26 € 409,16 €	2.557,26 € 409,16 €	117.667,86 € 18.826,86 €	142.427,56 €
Mellora de varios centros culturais	3.310,16 € 529,63 €	3.310,16 € 529,63 €	152.311,31 € 24.369,81 €	184.360,70 €
Mellora de accesibilidade e rehabilitación da Casa da Xuventude (Casa das Palmeiras)	2.076,95 € 332,31 €	2.076,95 € 332,31 €	95.567,47 € 15.290,80 €	115.676,79 €
Mellora e ampliación do centro de Servizos Sociais	2.272,76 € 363,64 €	2.272,76 € 363,64 €	104.577,20 € 16.732,35 €	126.582,35 €
Reforma, substitución de cuberta e reparacións na estrutura do pavillón municipal de Cambre	5.445,91 € 871,35 €	5.445,91 € 871,35 €	250.584,13 € 40.093,46 €	303.312,11 €
Rehabilitación e mellora de varios centros deportivos	1.829,91 € 292,79 €	1.829,91 € 292,79 €	84.200,00 € 13.472,00 €	101.917,40 €
Restauración do cruceiro de San Roque de Vigo			4.200,00 € 672,00 €	4.872,00 €

SUBMINISTRACIÓNS

Denominación da subministración	Proyecto sen IVE	16% IVE	TOTAL investimento
Modernización de sistemas de xestión, control dixital de presenza	15.506,04 €	2.480,97 €	17.987,01 €
Modernización de sistemas de xestión, sistema de comunicación dixital policía e protección civil	19.550,00 €	3.128,00 €	22.678,00 €
Modernización de sistemas de xestión, actualización hardware xestión municipal	50.686,30 €	8.109,81 €	58.796,11 €

SERVIZOS

Denominación do servizo	Proyecto sen IVE	16% IVE	TOTAL investimento
Dixitalización do fondo de fotografía histórica municipal	34.482,76 €	5.517,24 €	40.000,00 €
Programa de xestión de reservas de instalacións deportivas municipais	9.500,00 €	1.520,00 €	11.020,00 €
Modernización de sistemas de xestión, programas de xestión de facturación	40.000,00 €	6.400,00 €	46.400,00 €

Segundo: Presentar a solicitude de inclusión dentro do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local creado por Real Decreto-Lei 13/2009, de 26 de outubro, segundo se establece no seu art. 12 e nos puntos segundo e terceiro da resolución de referencia.

2º Coñecemento das resolucións de Alcaldía en materia de: modificación das áreas de goberno, modificación dos membros da Xunta de Goberno Local, modificación dos tenentes de alcalde, modificación das delegacións de atribucións pola Alcaldía en membros da Xunta de Goberno Local

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación das seguintes resolucións:

- Resolución de Alcaldía núm. 221, de data 29 de xaneiro, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Modificar as áreas de goberno que a continuación se relacionan, que quedarán coa denominación e ámbito material que igualmente se detalla:

ÁREA DE ALCALDÍA

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Urbanismo
- Actividades de incidencia ambiental e inocuas
- Seguridade cidadá e protección civil
- Relacións institucionais e sinatura de convenios
- Comunicación
- Competencias non atribuídas expresamente a outras áreas

ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, EDUCACIÓN E DEPORTES

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Elaboración e xestión dos orzamentos municipais
- Control e fiscalización interna da xestión económica, financeira e orzamentaria
- Contabilidade, Tesourería e Recadación
- Facenda local e Inspección de Facenda
- Xestión e xeración de recursos
- Recursos educativos
- Centros educativos
- Normalización lingüística
- Fomento do deporte e sobre todo a base
- Cursos e escolas deportivas
- Relación con clubs e asociacións deportivas

ÁREA DE CULTURA E CONTRATACIÓN

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Promoción da cultura e singularmente da lingua e a cultura de Galicia
- Programación cultural
- Exposicións culturais
- Rede de bibliotecas e programas de animación á lectura
- Escolas municipais de música
- Espectáculos públicos
- Festas populares
- Contratación

ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS, SANIDADE, PERSOAL E RÉXIME INTERIOR

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Servizos Sociais comunitarios (básicos-específicos)
- Servizos Sociais comunitarios especializados
- Atención aos maiores
- Escolas infantís
- Orientación e mediación intercultural social
- Centros de Servizos Sociais
- Sanidade e saúde pública
- Persoal e Réxime Interior

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Na que se integrarán os servizos e actividades municipais relativos ás seguintes materias:

- Xestión, promoción e fomento do comercio
- Feiras, mercados e venda ambulante
- Protección de consumidores e usuarios
- Políticas de emprego, formación e promoción económica
- Proxectos de desenvolvemento local, no ámbito do emprego, da formación e da promoción económica, financiados polos fondos comunitarios.
- Asesoramento a empresarios e emprendedores

ÁREA DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E PATRIMONIO

- Transportes, mobilidade e accesibilidade
- Patrimonio:
 - o Formación, conservación e actualización do patrimonio municipal, agás o do solo
 - o Xestión de edificios municipais
 - o Xestión de parques e xardíns

Segundo: O resto das áreas quedan coa denominación e ámbito material aprobados mediante Resolución de Alcaldía núm.1413/2009, de 22 de xullo.

Terceiro: Dease conta ao pleno na primeira sesión que teña lugar.”

- Resolución de Alcaldía núm. 222, de data 29 de xaneiro, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Nomear como membros da Xunta de Goberno Local a dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial.

De conformidade co establecido no art. 69.2 do Regulamento orgánico municipal, o carácter de membro da Xunta de Goberno Local é voluntario, polo que, para que a designación sexa eficaz, require a súa aceptación por parte do concelleiro designado. Enténdese que hai aceptación tácita do nomeamento se, no prazo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a designación. Todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar.

Segundo: Así pois, a Xunta de Goberno Local queda formada polos concelleiros que a continuación se relacionan:

- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo
- Don Jaime Manuel López Lisnier
- Dona Erundina Prado Arcay
- Dona Laura Fernández Martínez
- Dona Carmen Tato Lago
- Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Don José Francisco Parceros Rial

Terceiro: Comuníquese a presente resolución ao Pleno e á Xunta de Goberno Local na

primeira sesión que teña lugar, notifíquese persoalmente aos interesados e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.”

- Resolución de Alcaldía núm. 223, de data 29 de xaneiro, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Nomear 6ª tenente de alcalde a dona Mª Ángeles Míguez Mouzo.

Segundo: Nomear 7º tenente de alcalde a don José Francisco Parceró Rial.

Terceiro: De conformidade co establecido no art. 58.4 do Regulamento orgánico municipal, o nomeamento requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación polo destinatario. Entenderase tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta o nomeamento.

Cuarto: Así pois, quedan designados tenentes de alcalde os concelleiros que compoñen a Xunta de Goberno Local, e segundo a orde que a seguir se relaciona:

- 1º Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo
- 2º Don Jaime Manuel López Lisnier
- 3º Dona Erundina Prado Arcay
- 4º Dona Laura Fernández Martínez
- 5º Dona Carmen Tato Lago
- 6º Dona Mª Ángeles Míguez Mouzo
- 7º Don José Francisco Parceró Rial

Quinto: A teor do establecido no art. 63 da Lei 5/1997 en relación co art. 23.3 da Lei 7/1985 e art. 60 do Regulamento orgánico municipal, correspóndelles aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para exercer as súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Sexto: Notifíquese persoalmente aos interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e dease conta ao pleno na seguinte sesión que teña lugar.”

- Resolución de Alcaldía núm. 224, de data 29 de xaneiro, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de don Jaime Manuel López Lisnier mediante Resolución de Alcaldía núm. 1416/2009, de 22 de xullo, para a área de Educación e Deportes, conferíndolle a delegación xenérica da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución desta Alcaldía ditada no día de hoxe.

Segundo: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de dona Erundina Prado Arcay mediante Resolución de Alcaldía núm. 1416/2009, de 22 de xullo, para a área de Cultura, conferíndolle a delegación xenérica da área de Cultura e Contratación, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución desta Alcaldía ditada no día de hoxe.

Terceiro: Modificar a delegación xenérica conferida a prol de dona Carmen Tato Lago mediante Resolución de Alcaldía núm. 1416/2009, de 22 de xullo, para a área de Asuntos Sociais, Maiores e Sanidade, conferíndolle a delegación xenérica da área de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución desta Alcaldía ditada no día de hoxe.

Cuarto: Conferir a delegación xenérica da área de Promoción Económica e Emprego, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución desta Alcaldía ditada no día de hoxe, a dona M^a Ángeles Míguez Mouzo.

Quinto: Conferir a delegación xenérica da área de Transportes, Mobilidade e Patrimonio, integrada polos servizos e actividades municipais relativos ás materias reflectidas na Resolución desta Alcaldía ditada no día de hoxe, a don José Francisco Parceró Rial.

Sexto: Adscribíense á Alcaldía os servizos e actividades relativos ás materias recollidas dentro da denominada área de Alcaldía.

Igualmente quedan reservadas a esta Alcaldía o recoñecemento e liquidación de obrigas, a ordenación do pago e o pagamento material, así como a aprobación das contas xustificativas dos fondos librados “a xustificar” e dos “anticipos de caixa fixa”. Nos supostos de ausencia ou enfermidade, o coñecemento e resolución destes asuntos corresponderá ao concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes.

Sétimo: De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, as delegacións xenéricas a prol dos membros da Xunta de Goberno Local, e respecto da súa área, enténdense conferidas como a delegación do exercicio das competencias que a esta

Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no art. 61.1 e 3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia en relación co art. 21.1 e 3. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

A Alcaldía conserva as facultades de tutela que se transcriben a seguir:

- a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións enumerados en virtude da delegación.
- b) A de ser informado previamente a que se adopten decisións de trascendencia.
- c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer, como competencia non delegable a teor do establecido no art. 21.3 da Lei 7/1985.

Oitavo: De conformidade co establecido no art. 50.2 do ROM, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro delegado. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación do Boletín Oficial da Provincia, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

As delegacións, unha vez aceptadas, entenderanse vixentes mentres non sexan revogadas expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nos documentos que deban firmar os concelleiros delegados no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.

Noveno: Notifíquese persoalmente aos interesados, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.

Décimo: Mantéñense nos mesmos termos a delegación xenérica conferida a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo e as delegacións especiais conferidas a dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, segundo Resolución de Alcaldía núm. 1416/2009, de 22 de xullo.”

3º Proposta de modificación dos acordos adoptados polo pleno da corporación o 22 de agosto de 2009, respecto da creación e composición das comisións informativas permanentes e da Comisión Especial de Contas

Vista a proposta de Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior no día de hoxe.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que a resposta ou comentario a esta proposta é ben fácil, porque cre que xa é a décima vez que varían nesta lexislatura o equipo de goberno, o nomeamento de tenentes de alcalde, en fin, o que xa dixeron en moitas ocasións, o Sr. Varela é o alcalde, el ten a responsabilidade de gobernar, e el é libre de nomear ao seu equipo, polo tanto o Partido Popular non está nin a prol nin en contra, senón que se abstén.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, efectivamente, xa van tres veces, tres propostas distintas para a creación de comisións, e o seu grupo ten dúbidas de que as comisións sexan máis efectivas e máis eficaces, polo menos ata o momento a eles non se lles demostrou. Agardan que o tempo lles quite ou lles dea a razón, porque ven que nas comisións non hai eficacia, incluso moitas veces están baleiras totalmente de contido, e non sabe realmente o por que desta ampliación. Di que para eles xa é moi tarde para recuperar o tempo que se leva perdido nesta corporación e, dende logo, iso débese á descomposición e ao descontrol do goberno que veñen padecendo fai moitísimo tempo.

Conclúe dicindo que o seu grupo vaise abster neste punto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 22 de agosto de 2009 e, para tal efecto, crear seis comisións informativas permanentes de estudo, informes, consulta e seguimento, coa seguinte denominación:

A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego

- B) Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior
- C) Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación
- D) Comisión Informativa de Urbanismo e Seguridade Cidadá
- E) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos.
- F) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo.

Segundo: Cada unha delas constituirase por once membros, coa seguinte adscrición por cada grupo municipal: 3 do PS de G-PSOE, 3 do PP, 2 do BNG, 1 de EU-IU, 1 do GM, e a concelleira non adscrita.

Terceiro: A Comisión Especial de Contas constituirase por once membros coa mesma adscrición por grupo municipal e concelleira non adscrita que nas comisións informativas permanentes.

Cuarto: De conformidade co establecido no artigo 80.c) do Regulamento orgánico municipal, a adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte dela, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro do grupo dirixido ao alcalde e presentado no Rexistro de Entrada do Concello. Poderá designarse, de igual xeito, un suplente por cada titular. Presentarase o citado escrito no prazo de cinco días hábiles contados desde a adopción dos anteriores acordos.

4º Proposta de modificación do acordo adoptado polo pleno da corporación o 22 de agosto de 2009, respecto da determinación dos cargos da corporación a desempeñar en réxime de dedicación parcial

Vista a proposta de Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior no día de hoxe.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que, como dixo fai un momento, isto xa é algo coñecido porque o fixeron en repetidas ocasións, pero eles hoxe van facelo de forma diferente ás anteriores. Di que aquí falan do nomeamento dunha nova concelleira e fálase do seu salario, e de que vai ter unha xornada parcial de catro horas. Di que eles levan toda a lexislatura preguntando polo horario, queren

saber cando están a disposición dos veciños, con que medios contan, e hoxe, cando xa van case tres anos de lexislatura seguen sen saber que horario teñen, polo tanto, pide que se retire esta proposta e que a presenten completa, e senón, evidentemente, eles votarán en contra.

O Sr. alcalde contesta que non a van retirar xa que os que teñen dedicación teñen catro horas de traballo ao día, mínimo, e están á atención do público como mínimo esas catro horas. Di que haberá veces que por ter que desprazarse a algún lado non estarán aquí, pero el pensa que esa xente que traballa media xornada moitas tardes as pasa aquí, ou visitando cousas, quizáis, fixar un día ou dous a semana, pode ser, pero o importante é que se atenda aos veciños o mellor posible.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que ao seu grupo parécelle que a estas alturas da lexislatura presentar outra vez un tema como este, unha media dedicación exclusiva, parécelle cando menos unha falta de respecto aos veciños de Cambre, sobre todo aos que están sufrindo a eiva do paro e do desemprego. Di que non poden olvidar que recentemente saíu publicado nos medios de comunicación que Cambre foi o segundo concello da comarca onde máis medrou o desemprego o último ano, un 26,8%. Cre que neste caso os políticos deberían ser un pouco máis solidarios, e deberían ser os primeiros en dar exemplo de austeridade, sobre todo cando falta practicamente un ano para rematar esta lexislatura.

Di que xa teñen manifestado en varias ocasións a desproporción que existe neste concello en canto ás dedicacións exclusivas e medias dedicacións, xa o teñen manifestado en diversas ocasións. Neste momento, están falando de 24.462 euros por catro horas diarias, e dende logo eles non van votar para levar esa proposta a cabo. O seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que quere salientar, de novo, que os horarios dos concelleiros pedíronse aquí moitas veces para saber un pouco como poden atender aos veciños ou como os están atendendo. Non se lles facilitan, non hai interese, e fan o horario que lles parece, como pasou case sempre aquí, porque poucos tiveron horario posto na porta, poucos concelleiros dende que el está aquí, tiveron un letreiro posto na porta cun horario de atención ao público. Xa cando el estaba no goberno lles dixo que deberían ter un horario de atención á xente, como el mesmo si tiña na súa porta, e algún máis, pero iso nunca se fixo, porque non se trata de atender aos veciños, senón de estar cómodos aquí os catro anos e vivir.

Conclúe dicindo que, en todo caso, el dixo nas comisións que se abstiña e vai manter o seu voto de abstención.

Concedida a palabra a dona M^a Ángeles Míguez Mouzo, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que ela está de acordo co Sr. Taibo cando dixo, por exemplo, o da falta de traballo que hai, pero ela quere deixar claro que non vai ocupar dous postos de traballo, ela vai ocupar só un, porque vai pedir unha excedencia no seu actual posto de traballo. É contrario á súa maneira de pensar ter dous traballos, o seu posto vaino ocupar outra persoa.

Di que, ademais, o horario no seu actual traballo faille imposible a asistencia, ou facer ben as cousas aquí, e non lle gusta nunca pasar por un sitio onde non pode facer nada, se así fose non entraría, e ese é o motivo polo que se pide isto.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que agradece a aclaración da concelleira porque cre que a dignifica en certo modo, en todo caso, eles xa dixeron que insistentemente veñen votando en contra porque lles parece excesiva esa media dedicación, e seguen mantendo o voto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU, e abstéñense o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: O cargo de concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Emprego, ostentado por dona M^a Ángeles Míguez Mouzo, desempeñarse en réxime de dedicación parcial, cunha dedicación mínima de catro horas diarias, de luns a venres, e cunha retribución anual de 24.462,50 euros brutos anuais en 14 pagas.

Segundo: Notificar o anterior acordo á concelleira delegada para os efectos de aceptación expresa, no seu caso, e posterior comunicación ao pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberá producirse no prazo de dez días dende a notificación ao interesado. Transcorrido o dito prazo, entenderase que non acepta o cargo, iso de conformidade co establecido no artigo 19 do Regulamento orgánico municipal.

Terceiro: Publicar os anteriores acordos no Boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, de conformidade co establecido no art. 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

5º Proposta de modificación de nomeamentos de representantes da Corporación nos consellos escolares

Vista a proposta de Alcaldía de data 29 de xaneiro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior, e pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística no día de hoxe.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar os nomeamentos de representantes da corporación nos consellos escolares que a continuación se relacionan, nomeando representantes aos concelleiros que igualmente se indican:

- Escola de educación infantil de Cecebre: Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Escola de educación infantil de Pravio: Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Escola de educación infantil de Bribes: Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Escola de educación infantil de Sta. M^a de Vigo: Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Centro de educación infantil e primaria Emilio González López (Brexo): Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Centro de educación infantil e primaria Graxal II (O Graxal-O Temple): Dona M^a Ángeles Míguez Mouzo
- Centro de educación infantil e primaria Portofaro (O Temple): Don José Francisco Parceros Rial
- Centro de educación infantil e primaria Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás): Dona Erundina Prado Arcay
- Centro de educación infantil e primaria Wenceslao Fernández Flórez (Cambre): Dona Erundina Prado Arcay

Segundo: Notifíquese áos diferentes centros educativos para os efectos oportunos.

6º Proposta do equipo de goberno en relación co borrador do Decreto do galego no ensino

Vista a proposta do equipo de goberno de data 29 de xaneiro de 2010.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística no día de hoxe.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que este asunto no último pleno ía ser unha moción, agora pregunta se teñen algo que dicir ou se simplemente os demais grupos fan a súa intervención así, porque el pensa que é conveniente aclarar de que se trata isto. Pregunta se hai algo que dicir ou non.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, manifesta que dá lectura a proposta, a cal consta do seguinte teor literal:

“Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, provocada por sectores políticos e mediáticos que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galiza, por mor dunha suposta imposición do galego e dunha suposta discriminación a que se vén sometidas as persoas que falan nesta lingua. Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas, feito no que coinciden numerosos informes, organismos e entidades.

Así, un informe do Consello de Europa elaborado a finais de 2008, advertía que no noso País non se están a dar garantías para o uso normal do galego en ámbitos tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego. Tamén o Consello Escolar de Galiza, nun informe sobre o galego no ensino, confirma unha clara desgaleguización do alumnado no seu tránsito da familia á escola, como consecuencia da desvantaxe do galego fronte ao castelán no sistema educativo.

Porén, a pesares da situación crítica pola que atravesamos a lingua propia do País, a toma de posesión do novo Goberno da Xunta de Galiza non fixo mais que agravar a situación. A súa galegofobia asombra pola súa celeridade en contraposición coa ineficacia e parálise no resto da acción de goberno. Este goberno está a actuar con obsesiva premura en contra do galego e das medidas que, en boa parte, impulsou o goberno bipartito da Xunta de Galiza, inspiradas no consenso que establece a Lei e o Plan de Normalización Lingüística. Así, eliminou a obrigatoriedade de realizar unha proba en galego para acceder á función pública, eliminou a condición de impartir en educación infantil un mínimo do 50% en galego en contextos español-falantes; desmantelou o modelo educativo de Galescolas, e reduciu drasticamente o orzamento para diferentes políticas de normalización lingüística, até o punto de que os orzamentos deste ano dedican un 20% menos á normalización que os do ano 2009.

O elemento central desta política gubernamental de persecución contra o galego é a substitución do actual Decreto 124/2007 por un novo, cuxas bases para a súa elaboración presentou o Goberno da Xunta de Galiza o pasado 30 de decembro. Preséntase como o que será o decreto do plurilingüismo. Porén, non hai tal plurilingüismo, o que hai é un avance claro cara ao monolingüismo en castelán. Coas bases presentadas, vai haber menos galego no ensino, esa é a realidade. Na súa aplicación práctica, vaise pasar do 50% en galego ao 70-30 en favor do castelán. A introdución do inglés é unha cortina de fume, pois, como o propio decreto admite, non vai haber recursos para financiar a introdución do inglés, moito menos se temos en conta que o PP reduce os orzamentos para o ensino público.

As bases do decreto vulneran leis básicas aprobadas por consenso e tratados internacionais de dereitos lingüísticos. En concreto, vulnera a letra e o espírito da Lei de normalización lingüística (artigos 12 e 13), así como da Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias (art. 8). O borrador non garante que o alumnado acade a competencia en lingua galega, polo tanto sitúase mesmo fóra do marco do Estatuto, artigo 5. Un goberno serio, cívico e responsábel debería cumprir as leis e os tratados internacionais de dereitos humanos e lingüísticos.

É un borrador que vai traer conflitos á sociedade e aos centros educativos, onde antes había acordo e consenso. A Xunta fai deixación das súas funcións e traslada o problema ao profesorado, ao estudantado e ás familias. Porque ademais é unha proposta feita de costas á sociedade galega, sen ningún consenso con estes colectivos nin coa sociedade en xeral. Por iso se presentou na véspera de fin de ano, a última hora do serán, e sen que existise ningún proceso previo de diálogo nin contraste.

As bases para a elaboración do novo decreto preséntanse baixo a suposta argumentación de que garante a liberdade de elección. Porén, non se pode falar de liberdade de elección cando existe desigualdade xurídica entre o galego e o castelán, e o galego está situado nun nivel de inferioridade en todos os usos sociais. Nin se pode falar de liberdade de elección cando se impide a adquisición de competencia en lingua galega.

En resumo, é unha agresión á dignidade da nosa cultura que haxa un goberno da Xunta de Galiza que maltrata e despreza a lingua propia do noso País.

Por isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.

2. Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galicia en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.

3. Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de normalización lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentarias.”

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que o máis intelixente pola súa parte sería dicir que van votar en contra sen máis, e iso vai dicilo, que van votar en contra, pero de todas as formas o Sr. concelleiro díxoo todo na súa moción, que hoxe xa non é unha moción, dixo que un recente informe da Academia Galega sinala que en 12 anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego. Dille que iso debería facelo reflexionar. El cre que é pola súa imposición, porque eles si son os que queren impoñer as cousas e o que consiguen na xente é o efecto contrario, canto máis obrigan á xente a facer unha cousa, menos a van a facer. Dilles que teñen que reflexionar sobre iso.

Continúa dicindo que tamén dixo o Sr. Iglesias que cando gobernaron na Xunta levaron a cabo políticas inspiradas no consenso, pois ben, dilles aos Sres. concelleiros do BNG, e tamén aos Sres. concelleiros do PSdeG-PSOE, que foron eles os que aprobaron unha normativa lingüística neste concello que obrigaba aos funcionarios a contestar e redactar sempre en galego, dá igual que idioma falen os veciños, polo tanto, dilles que ese é o seu consenso, unha imposición pura e dura, como xa demostraron en varias ocasións.

Dille que segue falando de galescola, cando xa non se chaman así, os galegos, fai uns meses, decidiron que se deixasen de chamar así, agora son escolas infantís. Tamén dixo que se reducen os orzamentos e preguntalle se non é consciente da situación que se está vivindo. Este mes foron outras 142.000 persoas ao paro, e aínda así non son conscientes de onde os están levando.

Tamén dixo o Sr. Iglesias, relacionando ao PP con iso, que un goberno serio, cívico e responsable debería cumprir as leis, e, efectivamente, iso é o que el lles recomenda, que traten de ser un goberno serio, responsable, cívico e que cumpran coas leis.

Por último tamén falan de que parece ser que se presentou isto na véspera de fin de ano, a última hora do serán, e el tenlles que recordar como presentaron o proxecto da Vía Ártabra, que afecta aos veciños de Cambre. Di que cando faltaban uns días para as eleccións aprobaron o proxecto de impacto medioambiental, uns días despois das eleccións, cando xa non tiñan atribucións, e moralmente polo menos non deberían tomar medidas, aprobaron a contratación do proxecto, un proxecto que, por certo, non tivo en conta as alegacións de

Cambre. Di que, por tanto, se alguén fai as cousas fóra de tempo son o BNG e o PSdeG-PSOE.

Dilles que están falando dun borrador, é un borrador que se vai discutir no Parlamento de Galicia e, polo tanto, iso non é algo que estea en vigor, vaixe discutir, e ese será o momento de facer as cousas.

Conclúe dicíndolle ao Sr. Iglesias que estas medidas preventivas non as deberían de estudar, non deberían perder o tempo, e deberían de centrarse en xestionar os recursos de Cambre e, polo tanto, como dixó antes, o seu grupo vai votar en contra, con todas as súas forzas.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, expón que el, á marxe de imposicións ou de normalizacións, el é galego e aquí o quere manifestar. Di que el é galego parlante, e que lle dá igual, ás veces, falar galego que castelán, pero para el este decreto é un ataque sen precedentes á cultura e á lingua do país, un ataque que van sufrir os propios alumnos, os profesores, e o conxunto da sociedade, sen ningún tipo de defensa, porque non se contou con eles para nada.

Conclúe dicindo que cre que agora é o momento de defender a súa lingua e o seu idioma, eles non o poden facer doutra maneira e, por iso van votar a prol desta proposta, porque consideran que é un atraco totalmente, o que están facendo é expoliando o idioma galego.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que el é galego parlante, é un defensor do galego, pero non vai entrar nas leas que teñan o PP, o PSdeG-PSOE e o BNG, que son os tres grandes partidos hoxe na autonomía galega. Di que el non vai entrar nesas leas porque el veu aquí a facer política para os veciños de Cambre, non para andar axudando aquí a un partido ou a outro, el veu aquí para outro tema. Á parte disto, cre que cando se fai a exposición de motivos hai unha cousa nela que debería aplicar o equipo de goberno, ao mellor no que mesmo hoxe acaban de aprobar, nesas proxectos para o Fondo Estatal, fala de cando di que se presentou na véspera de fin de ano, a última hora do serán. Pídelles que apliquen eles o que denuncian doutros, que o apliquen aquí, que iso igual é máis produtivo.

Conclúe dicindo que se vai abster na votación, por eses motivos, porque non vai entrar aquí nos intereses doutros partidos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que el cre que as posicións están de sobra fixadas, efectivamente, el cre que en Cambre non existe ese conflito, non existe nin con ordenanza nin sen ela, non hai tal conflito, a pesar do que se

poida dicir nunca o houbo, nin o vai a haber. Di que el cre que aquí se asumen as normas e as leis con absoluta normalidade e, dende logo, el nos anos que leva neste concello nunca tivo nin o máis mínimo conflito nin problema por estes temas, e pensa que así vai seguir.

Continúa dicindo que, evidentemente, como están falando dun borrador, o que lle piden ao pleno da corporación é que se pronuncie cara á Xunta de Galicia para que o retiren, e volva á vía do diálogo e do consenso nun tema tan importante. Di que algúns tiñan pequenas esperanzas de que tamén os representantes do PP en Cambre seguiran a estela do que fixo a corporación de Vilariño de Conxo, cunha maioría do PP e que hoxe mesmo recolle a prensa que votou a prol dun texto similar ao presentado aquí, ou que persoas tan significativas como Xosé Cuíña, membro destacado do PP, participa activamente nos foros e nas manifestacións que tiveron lugar por este tema. En todo caso, parécelles absolutamente respectable.

Conclúe dicindo que, por suposto, comparten totalmente o que espuxo o voceiro de EU-IU, como non podía ser menos, e, unha vez máis, dille ao Sr. Marante que respectan moitísimo e toma nota da intervención do PG sobre este tema, o partido que fundaron Bóveda e Castelao.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que a el parécelle moi ben que o seu partido o fundara Bóveda e Castelao, pero que agora abrázanse a eles a facerlles homenaxe, cando tiveron que emigrar para fóra de España, agora todo o mundo os abraza, o PP, o PSOE e o BNG agora vanlles render homenaxes alí a Rianxo e por aí, pero antes tiveron que emigrar.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e os dous concelleiros de EU-IU, votan en contra os sete concelleiros do PP e abstéñense o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita.

A corporación, por doce votos a prol, acordou:

Instar á Xunta de Galicia a:

Primeiro: Retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.

Segundo: Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galicia en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.

Terceiro: Retornar ao consenso político e social que se establece no marco normativo da Lei de normalización lingüística e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plan de normalización lingüística aprobado por unanimidade das forzas parlamentarias.

7º Rogos e preguntas do grupo municipal de EU-IU presentados ao pleno ordinaria de 28 de xaneiro de 2010

O Sr. alcalde explica que, aínda que é un pleno extraordinario e non se adoitan tratar rogos e preguntas, trátase dun caso especial do compañeiro don Luis Miguel Taibo Casás que impediu que se dera lectura no pleno ordinario do outro día, sen que isto sirva de precedente en plenos extraordinarios.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 796 o día 23 de xaneiro de 2010, xunto coas preguntas.

1º Sobre a transparencia na selección de empresas que realizarán as obras do “Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local”.

É coñecido que o Concello de Cambre acolleuse ao Fondo Estatal de Investimento Local tendo obtido da administración do Estado un volume de 2.475.658 euros de financiamento público.

As empresas que sexan invitadas previamente polo goberno local poderán concursar e serán seleccionadas en virtude de certos criterios definidos nas cláusulas administrativas particulares.

Co fin de incrementar a transparencia no goberno local, o noso grupo realiza o seguinte rogo:

Que se publique na páxina web do concello os criterios que foron utilizados para a invitación de empresas a unha obra determinada, e se enumeren a totalidade das empresas invitadas a participar en cada proxecto.

O Sr. alcalde contesta que isto se fai sempre. Di que sempre se publica dentro do prego de cláusulas administrativas particulares, e o que queira comprobalo pode vir ao concello, é dicir, son datos recollidos dentro do prego, e polo tanto el cre que non hai nada máis que dicir disto. O prego cando se elabora recolle eses temas e pensa que está suficientemente aclarado no que se refire á xestión do concello.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o que eles demandan aquí é tanta maior transparencia, mellor, e que a xente e os distintos empresarios poidan ter acceso, mediante a páxina web do concello, aos criterios que foron utilizados para a invitación das empresas para realizar determinados proxectos, así como as empresas que foron invitadas.

Di que se o Sr. alcalde explicou que poden vir aquí ao concello a solicitalo, tamén sería moi fácil poñelo na páxina web do concello e, sobre todo, facilitarlle o labor a moita xente que non tería que desprazarse.

O Sr. alcalde contesta que cando se elabora un prego, nas cláusulas xa vai especificado o que recolle ese prego, e se por outra banda algún construtor, ou algún empresario o quere comprobar, aquí no concello pode comprobar todo. El cre que cando a xente vén aquí para ver un prego para presentarse a unha obra, o estuda detidamente, e pensa que está ao seu alcance toda a información dentro da administración.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que está claro, pero que, en todo caso, a responsabilidade de poñelo ou non na páxina web, será dos que gobernan neste concello.

2º A actuación para a rexeneración urbana do Campo da Feira de Cambre, debería comezar ao longo do ano 2009 coa previsión de remate para o primeiro trimestre de 2011.

O noso grupo prega se nos informe en que situación se atopa a actuación mencionada, para dar cumprimento á moción presentada por EU-IU sobre o Concurso de Ideas para a Remodelación urbana e rexeneración do Campo da Feira de Cambre.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que están aprobadas, porque ademais o acordaron con todos os grupos, o que sería a parte de prescricións técnicas, é dicir, como se enfocaría o concurso, quen formaría parte do xurado, e os criterios para elixir os proxectos ganadores. Agora mesmo está en fase de que se lle dea o vestido administrativo para facer o prego e sacalo canto antes. Di que a eles tamén lles gustaría que xa neste momento estivera publicado, pero unha serie de razóns de traballo o impediron, e agardan que neste mes poida estar xa publicado tal e como o acordaron con todos os grupos.

3º En relación a unha proposta realizada polo noso grupo municipal sobre a creación dun obradoiro de emprego no concello, e a súa relación coa restauración da casa reitoral de Pravio.

O noso grupo realiza o seguinte rogo:

Se nos informe da situación dos proxectos de reforma da casa reitoral de Pravio e os custos da súa reforma, así como as negociacións co arcebispado para a cesión do inmovible.

O Sr. alcalde contesta que as negociacións co arcebispado van francamente ben, cre que na comisión do próximo xoves aproban o convenio das obras que se van facer. Di que as obras, en principio, estaban valoradas nuns 300.000 euros, pero agora acordaron, porque cre que é unha boa solución, quedarse coa parte de arriba, do que é o local do concello e do cura, e remodelar a pranta baixa para que o cura poida ter aí un despacho e uns pequenos servizos.

Di que se está facendo o proxecto, van tramitalo coa Consellería de Traballo para a escola-taller, e como dixo antes, segundo as noticias do Sr. cura que estivo no concello, o próximo xoves parece que vai a aprobación, e se o aproban, entón tirarán para adiante.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pide que cando exista documentación sobre ese tema, se lles facilite.

O Sr. alcalde acepta.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

1ª O grupo municipal de EU-IU presentou unha iniciativa no pleno municipal correspondente ao mes de febreiro do ano 2009, reiterando outra no mesmo sentido presentada no mes de decembro de 2008, relativa á situación na que se *“encontran os contratos de seguros de responsabilidade civil do concello, e se nos informase se se presentaron ofertas de distintas empresas para a súa concesión”*.

O rogo dirixido ao Sr. alcalde, foi contestado polo ex concelleiro responsable de Facenda, informando que no procedemento iniciado para tal fin *“non cumpría coa normativa, por iso decidiuse anular ese procedemento, e renovouse o seguro que estaba vixente”*.

No mencionado pleno, o noso grupo xa facía mención aos reparos manifestados pola Sra. interventora nas contas xerais dos anos 2006 e 2007, cuestión que se volve repetir no ano 2008.

Ante as afirmacións por parte do ex concelleiro responsable de Facenda, de que o procedemento non foi o correcto, e manifestando que para o presente ano se iniciaría *“... un procedemento correcto e obviamente público”*.

O noso grupo fai a seguinte pregunta:

Ten realizado ou pensa realizar o goberno local os trámites correspondentes para a contratación de seguros para o ano 2010 de acordo coa Lei e a normativa vixente, tendo en conta os reparos de Intervención e a contestación do ex concelleiro de Facenda ao noso grupo?

O Sr. alcalde contesta que este tema está en tramitación, que hai unha resolución de Alcaldía do día 30 de decembro, e polo tanto está en marcha e se está traballando no tema.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pregunta se iso quere dicir, como dicía o ex-concalleiro de Facenda, que se vai facer un procedemento adecuado.

O Sr. alcalde di que si.

2ª En relación co punto anterior tamén o noso grupo presentaba unha pregunta na comisión informativa do mes de setembro pasado, en relación coa contratación da prestación de diversos servizos municipais. Cuestións sinaladas pola interventora municipal e motivo de reparos nas contas xerais igual que no rogo anterior.

Pode informarnos o goberno local en que situación se atopa a contratación do servizo de saneamento e subministración de auga?

O Sr. alcalde contesta que nestes momentos estase elaborando o prego no Departamento de Servizos e, segundo lle informaron na última reunión que tiveron, esperan telo rematado a últimos de abril.

3ª Sobre a transparencia e publicidade dos pagos aos concelleiros.

Para cando vai dar cumprimento o goberno local ao rogo presentado polo noso grupo no pleno de novembro, relativo á publicidade na páxina web do concello, dos gastos derivados de atencións protocolarias e de representación, realizados polos responsables municipais?

Cando pensa o goberno publicar as cantidades que os membros da corporación reciben pola asistencia a órganos colexiados? (plenos, comisións, xuntas de goberno, etc).

O Sr. alcalde contesta que xa deron orde ao Departamento de Persoal para que sexa publicado e agarda que o fagan de inmediato, e pensa que esta semana pode estar listo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia